I PLAN DE INTERNACIONALIZACIÓN

da Universidade de Vigo

Universidade de Vigo

Vicerreitoría de Internacionalización

ATHENA EUROPEAN UNIVERSITY

HR EXCELLENCE IN RESEARCH

Edición, dirección e texto
Vicerreitoría de Internacionalización
Maribel del Pozo Triviño (vicerreitora)
Óscar Ferreiro Vázquez (director da Área de Plurilingüismo)
Santiago Pozo Antonio (director da Área de Promoción da Internacionalización)

Recursos fotográficos
Fototeca UVigo
AdobeStock

Deseño e maquetación
Lucía Verdugo Gonzalo

Revisión lingüística
Área de Normalización Lingüística (ANL)
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

ISBN
978-84-1188-067-1

Data e lugar de edición
2025, Vigo, España

Revisado pola Comisión de Relacións Internacionais o 21 de xaneiro de 2025
Aprobado polo Consello de Goberno o 6 de febreiro de 2025

ATHENA
EUROPEAN UNIVERSITY

HR EXCELLENCE IN RESEARCH

Este plan establece unha estratexia clara e detallada para impulsar e avanzar nun proceso de internacionalización integral da Universidade de Vigo, co obxectivo de promover a mobilidade e a formación de calidade para o noso estudantado, reforzar o desenvolvemento profesional do noso persoal docente e investigador e do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, e ao mesmo tempo potenciar a nosa presenza e competitividade no ámbito global.

Maribel del Pozo

Índice

Introdución 5

A internacionalización da educación superior 6

A internacionalización dentro do Plan estratéxico 2021-2026 da Universidade de Vigo 7

Plan de internacionalización da Universidade de Vigo 8

1. Cooperación internacional 10

1.1. Convenios e acordos bilaterais 10

1.2. Redes e asociacións 11

1.3. Universidade Europea ATHENA 12

1.4. Titulacións internacionais 13

2. Mobilidade do estudantado, do persoal docente e investigador (PDI) e do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) 16

2.1. Os programas de mobilidade internacional para estudantado, PDI e PTXAS 16

2.2. Divulgación, financiamento e recoñecemento das actividades de mobilidade internacional 17

3. Plurilingüismo e multiculturalidade 21

3.1. Docencia en linguas estranxeiras 21

3.2. Materias English Friendly/Français amical/Português amigável/Italiano amichevole 22

3.3. Plan de aprendizaxe e certificación do nivel de idiomas 23

3.4. A internacionalización na casa 25

4. Atracción e retención de talento internacional 28

4.1. Iniciativas de captación internacional 28

4.2. O español e o galego como ferramenta de atracción de estudantado internacional 29

4.3. Creación dun centro de benvida (Welcome Center) 30

Introdución

A internacionalización da universidade constitúe un proceso esencial para consolidar o seu prestixio e competitividade no ámbito global. Nun contexto académico cada vez máis interconectado e diverso, este primeiro Plan de internacionalización da Universidade de Vigo ten como obxectivo situar a nosa institución como un referente na educación superior, promovendo a mobilidade académica, a colaboración con institucións internacionais e a atracción de talento global. Este plan está deseñado para fortalecer a proxección internacional da universidade, mellorar a calidade educativa e impulsar a investigación e a transferencia de coñecemento a través de redes globais, coa finalidade de formar profesionais capaces de enfrontar os desafíos dun mundo globalizado.

O plan sintetiza as principais propostas do equipo de goberno da Universidade de Vigo en materia de internacionalización, enriquecidas polos comentarios e suxestións da comunidade universitaria. Ademais, acompáñase dun programa plurianual de actuacións, co correspondente sistema de indicadores que se empregarán para avaliar a súa implantación. Anualmente, publicaranse informes de seguimento cos datos correspondentes a cada indicador.

O I Plan de internacionalización axústase á estratexia internacional da Universidade de Vigo e finánciase con recursos propios provenientes de diversos servizos cuxas actividades inflúen na estratexia internacional da nosa universidade. Estes fondos destínanse para levar a cabo actividades de internacionalización que complementan as cubertas por programas autonómicos, nacionais e internacionais, enriquecendo así os recursos externos obtidos para executalo.

A internacionalización da Educación Superior

A universidade é unha institución clave para a sociedade do coñecemento e, como tal, debe ser xeradora dun coñecemento universal, igualitario e diverso que contribúa ao avance real da humanidade. Nese sentido, e dado o carácter global da sociedade actual, a internacionalización convértese nunha das ferramentas fundamentais para garantir o progreso que non deixa a ninguén atrás.

A internacionalización constitúe un dos principais desafíos no ámbito da educación superior, cuxa importancia foi en aumento nos últimos anos, especialmente nun contexto cada vez máis globalizado e dixitalizado. Na actualidade, a internacionalización das institucións de educación superior converteuse nun elemento fundamental para garantir a calidade da formación proporcionada. Considérase un valor engadido esencial para cultivar cidadáns e cidadás do mundo cunha perspectiva global, habilidades multiculturais e competencias internacionais. Estes individuos representan un activo valioso non só no ámbito persoal, senón tamén para as súas comunidades, ao ser capaces de contribuír ao desenvolvemento económico e social da súa contorna.

Este proceso dinámico implica a comunidade local, a institución, os seus procesos e as relacións e alianzas que establece. As universidades españolas operan de maneira cada vez máis intensa nun contexto político, económico, social e cultural que as afecta e condiciona, e sobre o cal tamén exercen influencia, requirindo así a formulación e o desenvolvemento urxente de estratexias de internacionalización.

Nos últimos anos, o espazo europeo de educación superior (EEES) supuxo un paso de xigante no proceso de internacionalización das universidades europeas e, polo tanto, españolas, tendo en conta que as dotou de maior flexibilidade e competitividade nun mundo cada vez máis globalizado. Desde o seu inicio, España estivo inmersa nesta transformación e, como sinala a LOSU, «xa non é posible imaxinar que poidamos articular e orientar o futuro das universidades en España sen incorporar a perspectiva, as iniciativas e a regulación que procede da Unión Europea». Ademais, como tamén sinala a LOSU: «A europeización do sistema universitario español non debería impedirnos ampliar o proceso de internacionalización cara a outras áreas de cooperación, en especial co Espacio Iberoamericano de Educación Superior y del Conocimiento que ten unha base idiomática común duns 600 millóns de persoas».

En resumo, a internacionalización da universidade pode ter un resultado moi positivo en varios aspectos, desde a mellora da calidade educativa e a investigación ata a visibilidade e a reputación, así como na contribución ao desenvolvemento social e económico, tanto no ámbito local coma nacional e global.

A internacionalización dentro do Plan estratéxico 2021-2026 da Universidade de Vigo

O Plan estratéxico 2021-2026 da Universidade de Vigo debulla unha universidade máis galega e tamén máis proxectada no mundo. Por iso, a Universidade de Vigo continuará impulsando a súa dimensión internacional, non só co obxectivo de incrementar as accións de mobilidade de toda a comunidade universitaria, senón tamén dende un punto de vista institucional, o que permitirá afianzar a nosa imaxe dentro e fóra do territorio nacional.

A Universidade de Vigo aposta pola internacionalización e pola atracción de talento internacional, con especial fincapé no procedente de países lusófonos e hispanófonos, pero engadindo outros europeos e doutras latitudes, neste caso mediante iniciativas relacionadas coas linguas estranxeiras. A cooperación coas institucións de educación superior iberoamericanas, así como as pertencentes a países lusófonos, ocupa un lugar destacado. A eliminación de barreiras culturais e lingüísticas representa unha gran vantaxe para a dinamización da internacionalización coas nosas institucións socias, na que a Universidade de Vigo afondará para trasladala a toda a comunidade universitaria.

I Plan de internacionalización da Universidade de Vigo

O obxectivo principal deste I Plan de internacionalización da Universidade de Vigo é fomentar e desenvolver de maneira sustentable a dimensión internacional no estudo, o ensino, a investigación e a xestión institucional, así como a participación da nosa universidade en iniciativas que impulsen a súa internacionalización, tanto en accións de mobilidade coma en accións de internacionalización na casa. Este obxectivo principal pode concretarse nos seguintes retos:

- A mellora da calidade educativa: o intercambio de persoas de diferente orixe enriquece a diversidade e a calidade da educación ao fomentar a discusión de ideas, a colaboración en proxectos conxuntos e a adopción de boas prácticas.
- A mellor comprensión da diversidade cultural e o enfoque global: a presenza nas aulas de diversas culturas e orixes enriquece a experiencia de aprendizaxe e promove unha mentalidade máis aberta e global entre a comunidade universitaria.
- O impacto social e o desenvolvemento sostible: a internacionalización permite tratar problemas globais e contribuír ao desenvolvemento sostible mediante a colaboración en áreas como a saúde, a sostibilidade ambiental, o benestar social, a inclusión etc.
- A atracción de talento: unha universidade internacionalizada vólvese máis atractiva para persoas talentosas de todo o mundo.
- O fomento da investigación e da innovación: a colaboración internacional favorece a investigación e o desenvolvemento de novas ideas ao acceder a diferentes perspectivas e recursos, así como ao participar en redes de investigación internacionais.
- O aumento da empregabilidade: quen estuda nunha universidade internacionalizada desenvolve habilidades interculturais, o que aumenta o seu atractivo, sobre todo para as grandes empresas e organismos internacionais.

Co fin de acadar estes obxectivos, este I Plan de internacionalización está estruturado ao redor de catro eixes fundamentais interconectados:

- A cooperación internacional.
- A mobilidade do estudantado, do persoal docente e investigador (PDI) e do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS).
- O plurilingüismo e a multiculturalidade.
- A atracción de talento internacional.

Para conseguir a implantación deste I plan, en cada un dos eixes realizarase a avaliación das actividades desenvolvidas ata o momento e estableceranse unha serie de obxectivos, actuacións e indicadores que serán revisados anualmente co fin de facer un seguimento que axude a tomar decisións para mellorar o proceso de internacionalización.

1. Cooperación internacional

Para acadar a internacionalización é esencial que a Universidade de Vigo traballe na ampliación da súa colaboración con entidades internacionais que permitan desenvolver unha estratexia de alianzas sólidas. Deste xeito, consolidaranse e incrementaranse as mobilidades do estudantado, do PDI ou do PTXAS, tanto físicas coma virtuais. Estableceranse dobres titulacións internacionais e titulacións conxuntas e deseñaranse proxectos en colaboración. Por iso, a Universidade de Vigo leva anos construíndo unha forte rede de relacións institucionais con outras universidades e organizacións dos cincos continentes fortalecendo tamén a súa presenza en asociacións e redes nacionais e internacionais. Estas relacións teñen que considerarse como ferramentas para dispor de destinos para o estudantado, PDI e PTXAS da Universidade de Vigo, pero tamén para atraer estudantado e persoal de excelencia e con intereses específicos nas diferentes ofertas da nosa universidade.

1.1. Convenios e acordos bilaterais

A Universidade de Vigo pertence ao espazo europeo de educación superior e ao espazo europeo de investigación, o que facilita o establecemento de relacións bilaterais con países da nosa contorna. Actualmente existen arredor de 2300 convenios con universidades de países europeos e máis de 350 convenios bilaterais con universidades de fóra dos países asociados ao programa Erasmus+. O castelán e o galego facilitan o establecemento de colaboracións con países de Iberoamérica e países da lusofonía pola proximidade da lingua e a cultura, tal e como se reflicte no Plan estratéxico da Universidade de Vigo 2021-2026. De aí que non debemos afastarnos do establecemento de colaboración con redes e asociacións entre as que se atopen institucións lusófonas e iberoamericanas, moitas veces esquecidas nos plans de internacionalización das universidades europeas, pero que, sen dúbida, contribuirán ao desenvolvemento da cooperación internacional e permitirán o intercambio de estudantado e persoal, así como ao desenvolvemento de proxectos educativos e de investigación. Débese garantir unha divulgación interna das actividades destas redes para darlle a coñecer á comunidade os beneficios de pertencer a elas.

1.2. Redes e asociacións

A participación en asociacións e redes, tanto nacionais coma internacionais, confírelle á universidade unha gran visibilidade institucional no ámbito mundial e a posibilidade de seguir moi de preto as últimas novidades no campo da educación superior.

A Universidade de Vigo pertence a varias asociacións, entre as que cabe destacar a European University Association (EUA), a European University Foundation (EUF), Grupo Compostela de Universidades, a rede de prácticas Erasmus+ LEO-NET, a Global Education for European Engineers and Entrepreneurs (GE4) e o International Student Exchange Program (ISEP).

A EUA representa máis de 850 universidades e conferencias de reitores nacionais de 49 países europeos e desempeña un papel preponderante no proceso de Boloña e na influencia das políticas da UE sobre educación superior, investigación e innovación. A través da interacción continua con outras organizacións europeas e internacionais, a EUA garante que se escoite a voz independente das universidades europeas.

Pola súa banda, a EUF é unha rede de universidades comprometidas coa creación dun espazo europeo de educación superior moderno, forte e competitivo. A EUF tamén é unha defensora influente dun aumento substancial da cantidade e calidade da mobilidade do estudantado, presentando regularmente novas ideas, políticas e recomendacións. A rede ten un rico historial de promoción de reformas políticas e contribucións ao desenvolvemento do programa Erasmus+.

O Grupo Compostela de Universidades é unha rede de universidades que nace arredor dos valores do Camiño de Santiago. O seu obxectivo é facilitar e promover a cooperación entre as universidades e os axentes implicados na educación superior.

LEO-NET é unha asociación europea de institucións expertas ou partes implicadas na mobilidade internacional de prácticas e activa no ámbito do desenvolvemento de competencias e do emprego xuvenil. Forma unha rede internacional de institucións de educación superior afiliadas, consorcios de mobilidade e organizacións relacionadas. LEO-NET é unha organización neutral, sen ánimo de lucro, cunha estrutura democrática e transparente.

GE4 é unha rede internacional de universidades sen ánimo de lucro creada en 1996. Traballa de forma independente co obxectivo principal de conectar institucións académicas de enxeñaría e xestión de todo o mundo.

ISEP é unha rede de máis de 200 universidades de todo o mundo que ten por obxectivo facilitar a mobilidade física de estudantes dos últimos anos de grao e de posgrao.

A Universidade de Vigo tamén ten asinado un acordo co Amity Institute, a través do cal o estudantado de educación poderá realizar estadías de prácticas en colexios estadounidenses.

Igualmente, asinouse un acordo coa Asociación de Programas Universitarios Nortamericanos en España (APUNE), a asociación máis antiga de Europa dedicada a fomentar o intercambio internacional entre España e Estados Unidos.

A Universidade de Vigo, xunto coas outras universidades do sistema universitario galego (SUG) e as do norte de Portugal, forma parte do proxecto Universidade Sem Fronteiras (**UNIFS**), co obxectivo de promover programas máis innovadores e creativos a través da cooperación educativa mediante un proxecto piloto consistente na implantación de catro titulacións conxuntas de mestrado e doutoramento.



A Universidade de Vigo pertence á Red de Cooperación Interuniversitaria para el Desarrollo y la Integración Regional (CIDIR), constituída principalmente por universidades iberoamericanas, que ten como obxectivo o intercambio de coñecementos, a promoción da educación e o desenvolvemento de actividades de articulación con organizacións rexionais, co fin de xerar instrumentos e desenvolver accións que contribúan a incrementar o impacto que as actividades universitarias teñen no desenvolvemento das súas rexións.

A Universidade de Vigo participa activamente na comisión sectorial da CRUE, sobre internacionalización e cooperación, concretamente nos grupos de traballo de cooperación, internacionalización e mobilidade e nos seus respectivos subgrupos e comisións de traballo. Tamén traballa directamente co Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), que ten por misión apoiar a internacionalización do sistema educativo español. A colaboración co SEPIE permite a participación da Universidade de Vigo en diferentes eventos, como as feiras Study in Spain, a través das cales se pode ter contacto co potencial estudantado de todas as partes do mundo.

No eido nacional, a Universidade de Vigo continuará afianzando a súa relación cos ministerios con competencia en educación, universidades, ciencia e innovación e asuntos interiores e exteriores, para alcanzar un diálogo directo coas diferentes seccións involucradas na colaboración internacional.

1.3. Universidade Europea ATHENA

Dentro do capítulo de cooperación internacional non podemos esquecer a Iniciativa Universidades Europeas que forma parte do programa Erasmus+ 2021-2027 e que nace co obxectivo de chegar a apoiar 60 universidades europeas integradas por máis de 500 institucións de educación superior. Trátase de alianzas transnacionais que promoven os valores e a identidade de Europa, ofrecendo currículos centrados en cada estudante e impartidos conxuntamente en campus interuniversitarios, onde dispoñen de diferentes opcións de mobilidade. Todo iso desde un enfoque de cooperación interdisciplinar para tratar os problemas da Europa de hoxe en día. Ao colaborar cuns 1300 socios, como organizacións non gobernamentais (ONG), empresas, cidades ou autoridades locais e rexionais, as universidades europeas poden aumentar substancialmente a calidade e o alcance da educación superior en Europa.

A Universidade de Vigo forma parte da alianza ATHENA (Advancing Technology through Higher Education and Novel Approaches) á que pertencen na actualidade outras dez institucións socias. Ademais destas, forman parte da alianza en calidade de asociados o Conselho Nacional das Instituições da Rede Federal de Educação Profissional, Científica e Tecnológica (CONIF) do Brasil e do Foro de Universidades Rexionais para o Fortalecemento de Capacidades en Agricultura (RUFORUM) de África.

CONIF é un foro de debate, proposición e promoción de políticas para o desenvolvemento da formación profesional e tecnolóxica, a investigación e a innovación. Traballa para debater e defender un ensino público gratuíto e de excelencia. Os obxectivos de CONIF son poñer en valor, fortalecer e consolidar as 41



institucións reunidas –38 institutos federais de educación, ciencia e tecnoloxía, 2 centros federais de educación tecnolóxica (Cefets) e o Colexio Pedro II– que, en conxunto, supoñen máis de 600 unidades en todo Brasil. CONIF desenvolve estudos e proxectos a través de eventos como congresos, xornadas, seminarios e encontros; fomenta o intercambio de información e experiencias dentro da rede e tamén con institucións educativas, de investigación e de extensión, entidades culturais, científicas e tecnolóxicas nacionais e estranxeiras.

RUFORUM foi creado en 2004 e actualmente conta con máis de 180 universidades de 40 países e está rexistrado como unha ONG internacional (FORR78950) en Uganda e coordinado pola Universidade de Makerere en Kampala. En 2014, RUFORUM asinou un acordo de cooperación coa Unión Africana para apoiar a implantación da Estratexia de ciencia, tecnoloxía e innovación da Unión Africana.

1.4. Titulacións internacionais

Neste mesmo eixe, a Universidade de Vigo tamén considera importante o avance no deseño e na posta en marcha de dobres titulacións e de titulacións conxuntas internacionais con aquelas universidades coas que exista unha estreita relación e cuxas titulacións se poidan complementar.

A **Normativa de recoñecemento mutuo de créditos ao abeiro de programas de intercambio** da Universidade de Vigo permite que o estudantado alcance, ademais do título da nosa universidade, o doutra universidade socia, tras a realización de, polo menos, 60 ECTS no caso de grao e de 30 ECTS no caso de mestrado nesta universidade de maneira presencial ou virtual. Este programa non precisa da creación de novas titulacións nin de procesos de verificación, só de plans de estudo detallados e aceptados polos centros implicados, tanto da Universidade de Vigo coma da universidade socia.

Tamén existe a posibilidade da creación de titulacións conxuntas, aínda que se trata dun proceso máis complexo ca o de creación de dobres titulacións internacionais, xa que estas novas titulacións teñen que pasar por procesos de verificación, tal e como acontece coas titulacións **UNISF** e o programa de doutoramento en Marine Sciences, Technology and Management (**DOMAR**).

A acción Erasmus Mundus do programa Erasmus+ ofrece a opción de deseñar mestrados conxuntos proporcionando financiamento para a súa implementación. Estes mestrados inclúen normalmente períodos de estudo, investigación, prácticas, así como preparación e defensa de traballos de fin de mestrado. Por outra banda, a acción «medidas de deseño Erasmus Mundus» representa unha oportunidade previa á etapa de implementación do mestrado, pois trátase dunha convocatoria cuxo principal obxectivo reside na promoción do desenvolvemento de programas de estudo de mestrado transnacionais novos e innovadores cun alto grao de integración. A participación nas convocatorias de medidas de deseño e os propios mestrados conxuntos Erasmus Mundus supón o reforzo das capacidades das universidades para modernizar e internacionalizar os seus plans de estudos e contribuír ao desenvolvemento de mecanismos comúns de garantía de calidade e acreditación, e recoñecemento de títulos e créditos.

Para dar continuidade e impulsar as accións en termos de cooperación internacional e situar a oferta académica, investigadora e de transferencia da Universidade de Vigo no ámbito internacional, cómpre salientar os seguintes obxectivos:

Obxectivo 1.1.
Impulsar e fortalecer a colaboración interinstitucional.

Obxectivo 1.2.
Incrementar o número e a calidade dos convenios de mobilidade internacional.

Obxectivo 1.3.
Avanzar na promoción da internacionalización da Universidade de Vigo.

Obxectivo 1.4.
Impulsar a docencia internacional na Universidade de Vigo.

Obxectivo 1.5.
Incrementar as actividades de internacionalización e cooperación educativa no marco da Alianza ATHENA.

TÁBOA DE INDICADORES DO EIXE 1

Obxectivo	Actuacións	Indicadores
1.1. Impulsar e fortalecer a colaboración interinstitucional	Visibilización internacional da Universidade de Vigo	Núm. de feiras, reunións etc., de *networking* fóra da Universidade de Vigo
	Participación en redes	Núm. de redes, tanto nacionais coma internacionais, nas que participa a Universidade de Vigo
1.2. Incrementar o número e a calidade dos convenios de mobilidade internacional	Establecer convenios de colaboración, tanto marco coma específicos	Núm. de universidades estranxeiras socias
		Núm. de convenios de colaboración para accións de mobilidade no marco do programa Erasmus+ KA131
		Núm. de convenios de cooperación educativa para mobilidade no marco do programa Erasmus+ KA171
		Núm. de convenios de colaboración para accións de mobilidade para estudantado no marco do programa de bolsas propias
1.3. Avanzar na promoción da internacionalización da Universidade de Vigo	Concienciar a comunidade universitaria da necesidade da internacionalización	Núm. de convenios de colaboración para accións de mobilidade para estudantado no marco do programa de bolsas propias
1.4. Impulsar a docencia internacional na Universidade de Vigo	Establecemento de dobres titulacións internacionais	Núm. de dobres graos internacionais
		Núm. de dobres mestrados internacionais
	Establecemento e titulacións conxuntas	Núm. de graos conxuntos internacionais
		Núm. de mestrados conxuntos internacionais
		Núm. de doutoramentos conxuntos internacionais
	Promover as cotutelas internacionais de teses de doutoramento e as teses con mención de doutoramento internacional	Núm. de teses de doutoramento en cotutela
		Núm. de teses de doutoramento con mención de doutoramento internacional
1.5. Incrementar as actividades de internacionalización e cooperación educativa no marco da Alianza ATHENA	Promover titulacións conxuntas dentro de ATHENA	Núm. de graos e mestrados conxuntos coas institucións socias de ATHENA
	Promover o desenvolvemento de proxectos conxuntos dentro de ATHENA	Núm. de proxectos conxuntos presentados con institucións socias de ATHENA



2.

Mobilidade do estudantado, do persoal docente e investigador (PDI) e do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS)

A mobilidade das persoas que integran a comunidade universitaria representa un piar fundamental para o avance da internacionalización da Universidade de Vigo. Por iso, o obxectivo deste eixe é concienciar o estudantado, o persoal docente e investigador (PDI) e o persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) dos beneficios que implica participar nunha actividade de mobilidade que, ademais de completar e enriquecer a súa formación e competencia profesional a diferentes niveis, ofrécelles a oportunidade de acceder a diferentes culturas e experiencias persoais, ao tempo que coñecen en detalle os diferentes enfoques de ensino, aprendizaxe, boas prácticas e traballo nas institucións de destino.

2.1. Os programas de mobilidade internacional para estudantado, PDI e PTXAS

A través da súa participación en diferentes accións do programa Erasmus+, a Universidade de Vigo ofrece unha ampla oferta de actividades de mobilidade, tanto para o estudantado, para estudos e prácticas, coma para o PDI e PTXAS con estadías de docencia e formación.

Son numerosos os acordos asinados coas institucións de educación superior europeas ao abeiro da acción Erasmus+ KA131 en todas as áreas do coñecemento e para todas as escolas e facultades da Universidade de Vigo. Estes acordos permiten a mobilidade das persoas que conforman a comunidade universitaria e asínanse de xeito bilateral, polo que, grazas a eles, a Universidade de Vigo tamén logra situarse como destino académico para unha parte importante do estudantado procedente de institucións de educación superior europeas.

A convocatoria Erasmus+ KA131 permite a mobilidade de estudantes de todos os niveis (grao, mestrado e doutoramento) para a realización de estudos ou estadías de prácticas e, no caso do PDI e PTXAS, poden realizar estadías de docencia ou formación. Esta acción KA131 permite, ademais, que unha parte da mobilidade saínte de PDI, PTXAS e estudantado se produza cara a outras institucións de fóra da Unión Europea e do programa Erasmus+, actividade complementaria á convocatoria de bolsas propias. A sinatura de convenios bilaterais, marco e específicos de mobilidade, con institucións internacionais fai posible a convocatoria

de oportunidades de mobilidade internacional para o estudantado da Universidade de Vigo a destinos como América Latina, Canadá ou a República de Corea, entre outros.

O Erasmus+ KA131 e a convocatoria de bolsas propias non son as únicas opcións de mobilidade das que dispón o estudantado da Universidade de Vigo. Así, o acordo asinado coa rede **Global Education for European Engineerings and Entrepreneurs (Ge4)** ofrece a oportunidade de realizar estadías de estudos no eido da enxeñaría nas institucións socias. Por outra banda, o estudantado tamén ten a opción de realizar prácticas industriais no ámbito da enxeñaría ou das ciencias en institucións e universidades de Xapón grazas ao programa **Vulcanus**.

De xeito similar, o estudantado da Universidade de Vigo pode realizar estadías académicas en institucións de educación superior de Estados Unidos e Canadá, Asia, Australia, Nova Zelandia e Oceanía, a través da colaboración coa rede **International Student Exchange Programe** (ISEP). Ao tratarse dun programa de reciprocidade, a Universidade de Vigo deberá garantir unha oferta atractiva para que o estudantado estranxeiro decida visitar a nosa institución. Así, o foco non só debe estar centrado no impulso da mobilidade saínte, senón tamén no incremento de estudantado entrante en todos os niveis educativos (grao, mestrado e doutoramento).

A través do acordo que a Universidade de Vigo ten asinado co **Amity Institute**, o estudantado de Educación poderá realizar estadías de prácticas en colexios estadounidenses, aos que se lles ofrece a oportunidade de difundir a cultura e lingua españolas ao tempo que conviven con familias locais.

O estudantado de doutoramento ten, ademais, a opción de realizar estadías de investigación ao abeiro do programa **IACOBUS** en institucións de ensino superior do norte de Portugal. Este programa está dispoñible tamén para a realización de estadías de PDI e PTXAS nas institucións portuguesas.

O programa **Stella for Staff, do Grupo Compostela de Universidades**, permite a mobilidade de PTXAS entre as institucións de educación superior pertencentes á rede, da que forma parte a Universidade de Vigo e a través da cal recibimos persoal procedente das outras institucións socias. Tamén existe un programa para promover as accións de mobilidade e intercambio de profesorado e persoal investigador a través da Cátedra Grupo Compostela de Universidades.

Por outra banda, a Universidade de Vigo ofrécelles oportunidades de mobilidade ao persoal (PDI e PTXAS) e ao estudantado a través da acción KA171 do programa Erasmus+ de cooperación educativa. A acción KA171 (International Credit Mobility) permite a participación de institucións de todas as rexións do mundo. A execución dos proxectos require dunha estreita cooperación coas institucións socias dos terceiros países non asociados ao programa Erasmus+, o que facilita a continuación dos proxectos moito máis alá da propia execución das mobilidades, ademais de actuar como mecanismo para a atracción de estudantado internacional.

As mobilidades combinadas (virtual e física) coñecidas como BIP (Blended Intensive Programmes) e de curta duración incrementáronse notablemente nos últimos anos. Así, foron gañando popularidade tanto entre o estudantado coma entre o PDI e PTXAS. Do mesmo xeito, as mobilidades virtuais ofrecen moitas oportunidades a todos os niveis. Moitas delas están a desenvolverse ao abeiro da nosa alianza ATHENA.

2.2. Divulgación, financiamento e recoñecemento das actividades de mobilidade internacional

A Universidade de Vigo organiza xornadas informativas e de difusión co obxectivo de incentivar as actividades de mobilidade entre o estudantado e o persoal. Nestas xornadas, adaptadas para cada grupo de persoas destinatarias, proporciónase información detallada sobre os diferentes programas de mobilidade: publicación de convocatorias, preparación da documentación, requisitos, testemuños de persoas beneficiarias, oportunidades de financiamento etc. Nalgunhas destas xornadas participan ademais as institucións de destino.

No que respecta ao financiamento, ademais das propias axudas que implica a participación en programas como Erasmus+, o estudantado da Universidade de Vigo pode acceder ao financiamento complementario por parte da Xunta de Galicia, das deputacións de Pontevedra e Ourense ou do Banco Santander, dependendo do programa de mobilidade correspondente. A Universidade de Vigo tamén destina financiamento propio para as chamadas bolsas propias, que teñen como obxectivo principal cubrir os destinos en países extracomunitarios.

O recoñecemento das estadías ao abeiro de programas de mobilidade garántese a través da sinatura previa dun acordo de estudos ou prácticas por parte da persoa beneficiaria, e das persoas responsables da coordinación académica en ambas as institucións. No caso do estudantado que realiza mobilidades de doutoramento ou de mestrado no que non exista recoñecemento de créditos, as persoas responsables da titorizacion académica en destino emiten un informe para o recoñecemento da súa estadía na universidade de orixe. O estudantado de prácticas xa titulado recibe o recoñecemento da súa estadía a través do Europass.

Para mellorar os niveis de mobilidade actuais tanto de saíntes coma de entrantes, é esencial que anualmente os convenios sexan revisados polas persoas responsables de relacións internacionais de cada centro da Universidade de Vigo. A renovación, sinatura ou rescisión dun convenio debe responder á estratexia de internacionalización do propio centro, xa que cada un deles ten as súas necesidades.

Neste eixe os obxectivos que se pretenden alcanzar son:

Obxectivo 2.1.
Incrementar o número de mobilidades de estudantado, PDI e PTXAS a través dos diferentes programas de mobilidade.

Obxectivo 2.2.
Mellorar a percepción que o estudantado e o persoal entrante ten da nosa institución.

Obxectivo 2.3.
Incrementar o número de mobilidades de estudantado, PDI e PTXAS no marco de ATHENA.

TÁBOA DE INDICADORES DO EIXE 2

Obxectivo	Actuacións	Indicadores
2.1. Incrementar o número de mobilidades de estudantado, PDI e PTXAS a través dos diferentes programas de mobilidade	Incrementar o número de estudantado, PDI e PTXAS saínte a través dos diferentes programas de mobilidade	Núm. de estudantes saíntes a través de proxectos Erasmus+ KA131
		Núm. de PDI saíntes a través de proxectos Erasmus+ KA131
		Núm. de PTXAS saíntes a través de proxectos Erasmus+ KA131
		Núm. de estudantes saíntes a través de proxectos Erasmus+ KA171
		Núm. de PDI saíntes a través de proxectos Erasmus+ KA171
		Núm. de PTXAS saíntes a través de proxectos Erasmus+ KA171
		Núm. de estudantes saíntes a través do programa de bolsas propias e libre mobilidade
		Núm. de estudantes saíntes a través do programa GE4
		Núm. de PDI saíntes a través do programa IACOBUS
		Núm. de PTXAS saíntes a través do programa IACOBUS
		Núm. de PTXAS saíntes a través do programa Stella for Staff
		Núm. de estudantes saíntes a través do programa ISEP
		Núm. de estudantes saíntes a través do programa Vulcanus
		Núm. de BIP organizados
		Núm. de BIP nos que a Universidade de Vigo participou
	Incrementar o número de estudantado, PDI e PTXAS entrante a través dos diferentes programas de mobilidade	Núm. de estudantes entrantes a través de proxectos Erasmus+ KA131
		Núm. de estudantes entrantes a través de proxectos Erasmus+ KA131
		Núm. de PDI entrantes a través de proxectos Erasmus+ KA131
		Núm. de PTXAS entrantes a través de proxectos Erasmus+ KA131
		Núm. de estudantes entrantes a través de proxectos Erasmus+ KA171
		Núm. de PDI entrantes a través de proxectos Erasmus+ KA171
		Núm. de PTXAS entrantes a través de proxectos Erasmus+ KA171
		Núm. de estudantes entrantes a través do programa de bolsas propias e libre mobilidade
		Núm. de estudantes entrantes a través do programa GE4

		Núm. de PDI entrantes a través do programa IACOBUS
		Núm. de PTXAS entrantes a través do programa IACOBUS
		Núm. de PTXAS entrantes a través do programa Stella for Staff
		Núm. de estudantes entrantes a través do programa ISEP
2.2. Mellorar a percepción que o estudantado e o persoal entrante ten da nosa institución	Dar a coñecer a Universidade de Vigo ao mundo	Núm. de actividades organizadas para o estudantado internacional
		Núm. de semanas internacionais organizadas
2.3. Incrementar o número de mobilidades de estudantado, PDI e PTXAS no marco de ATHENA	Incrementar o número de estudantado, PDI e PTXAS saíntes cara ás universidades de ATHENA a través dos diferentes programas de mobilidade	Núm. de mobilidades de estudantado da Universidade de Vigo coas institucións socias de ATHENA
		Núm. de mobilidades de PDI da Universidade de Vigo coas institucións socias de ATHENA
		Núm. de mobilidades de PTXAS da Universidade de Vigo coas institucións socias de ATHENA
	Incrementar o número de estudantado, PDI e PTXAS procedentes de universidades de ATHENA a través dos diferentes programas de mobilidade	Núm. de mobilidades de estudantado das institucións socias de ATHENA coa Universidade de Vigo
		Núm. de mobilidades de PDI das institucións socias de ATHENA coa Universidade de Vigo
		Núm. de mobilidades de PTXAS das institucións socias de ATHENA coa Universidade de Vigo

3. Plurilingüismo e multiculturalidade

Un dos principais obxectivos da Comisión Europea é mellorar a calidade da educación superior universitaria en consonancia coas necesidades do mercado laboral. A universidade europea, ao desempeñar un papel crucial como provedora de capital humano competente e xeradora de novo coñecemento, tórnase nun actor fundamental nunha sociedade na que se prevé que o 90 % das ofertas laborais nos vindeiros anos demandarán persoal cualificado ou altamente cualificado. Desde o ano 2008, a Comisión Europea subliñou no documento **Multilingüismo: unha vantaxe para Europa e un compromiso partillado (COM/2008/566)** a importancia de fortalecer as competencias lingüísticas en lingua estranxeira para mellorar a mobilidade, a empregabilidade e o desenvolvemento persoal da cidadanía europea. Alén de máis, o marco estratéxico **Educación e formación 2020 (ET 2020)** establece que a comunicación en linguas estranxeiras é unha das oito competencias chave necesarias para potenciar a calidade e a eficacia da educación e a formación.

A Universidade da Vigo dá conta, entre outros, da relevancia dos procesos de internacionalización en todas as facetas da actividade universitaria, incluíndo a docencia, investigación, xestión e formación. Un dos seus obxectivos principais é promover a internacionalización da actividade académica e mellorar as competencias plurilingües e multiculturais tanto da comunidade universitaria coma da súa contorna. Os obxectivos propostos neste plan terán un impacto positivo no desenvolvemento profesional e persoal do estudantado, PDI e PTXAS da universidade.

3.1. Docencia en linguas estranxeiras

Unha das vertentes preponderantes do I Plan de internacionalización da Universidade de Vigo focalízase na consecución dunha oferta académica impartida en linguas estranxeiras, nomeadamente en inglés. O mercado de traballo pasou a converterse nunha idea global. Unha das ferramentas imprescindibles na comunicación internacional, e que facilita de xeito determinante atopar un emprego de calidade tanto na nosa contorna máis próxima coma no estranxeiro, é o dominio das linguas estranxeiras, destacando o inglés.

Alén desta liña, é preciso subliñar que nos últimos anos tamén se incrementou a mobilidade tanto do estudantado coma de persoas

traballadoras. En 2023, o Estado español encabezou a listaxe de países europeos en acollerse a plans de mobilidade como o Erasmus+. Cada vez máis, as persoas egresadas queren completar os seus estudos en universidades estranxeiras ou teñen en mente buscar un primeiro emprego noutros países tras culminar a súa etapa universitaria. Para iso, non abonda cun coñecemento xeral da lingua estranxeira, senón que cada vez se fai máis necesario dominar todos os xiros lingüísticos correspondentes ao desenvolvemento dunha determinada profesión ou eido de coñecemento.

A docencia universitaria en linguas estranxeiras e as titulacións bilingües, nomeadamente en inglés, proporcionan unha magnífica oportunidade para os nosos egresados e egresadas e unha excelente ferramenta para o seu futuro laboral. De aí que a Universidade de Vigo, nun intento de avanzar en paralelo á realidade social, queira completar a súa oferta académica cunha oferta de materias e mesmo de titulacións impartidas en linguas estranxeiras, tal e como reflicte o **Regulamento para a docencia en linguas estranxeiras (ReDLE)**.

Por outra banda, en numerosas conversas levadas a cabo cos nosos socios internacionais, e posibles socios nos cinco continentes, de maneira reiterada cítanse como requisitos principais para establecer colaboracións ou incrementar as existentes a dispoñibilidade dunha oferta académica en linguas estranxeiras. Por exemplo, nestes momentos, resulta extremadamente complicado chegar a acordos académicos con institucións no Top 500 da clasificación de Shanghai sen ter oferta de docencia en inglés.

En calquera caso, a priorización do inglés como lingua docente non debe impedir que a Universidade de Vigo estableza outras linguas prioritarias en función dos seus intereses en cada momento.

Defínense tres liñas de actuación asociadas a este eixe:

- Un programa de capacitación e acreditación para a docencia en lingua inglesa.
- Un procedemento para a implantación de programas e materias en inglés.
- O recoñecemento e os incentivos para participar en programas docentes impartidos en inglés.

Ata o día de hoxe, levouse a cabo un considerable esforzo para implementar un amplo número de materias en inglés, tanto en programas de grao coma de mestrado. Este esforzo debe perseverar se aspiramos a destacar entre as universidades españolas no que respecta a ser un destino preferente para o estudantado internacional.

De aí que a través do Centro de Linguas (CdL) se propoñen cursos específicos para:

- Conversa e pronuncia para docentes
- Discurso oral e pronuncia para a xestión de proxectos no ámbito internacional
- Discurso oral e preparación de presentacións
- Discurso oral en foros científicos, en foros internacionais, na aula
- Coordinación de proxectos internacionais
- Apoio lingüístico a través de **EMILAB**

3.2. Materias English Friendly/ Français amical/Português amigável/Italiano amichevole

Outro dos obxectivos fundamentais da Universidade de Vigo é ampliar, co paso do tempo, o catálogo de materias baixo a modalidade **Friendly**. Este enfoque, que xa se aplica con éxito en inglés, busca incorporar outros idiomas estratéxicos como o portugués, o francés e o italiano. Deste xeito, promoverase a internacionalización como un atractivo para estudantes estranxeiros, ao tempo que fomentamos a diversidade cultural e lingüística na nosa contorna, para contribuír a unha formación máis globalizada e competitiva.

Así, a nosa universidade xa conta cun programa de materias English Friendly, que se imparten nos graos e mestrados oficiais en castelán ou galego, pero nas que o profesorado asume compromisos como indicar o carácter English Friendly na guía docente da materia, traducila, facilitar materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia nesa lingua, atender as titorías, así como deseñar e realizar probas e avaliacións en inglés, sempre que así o demande o/a estudante internacional.

A Universidade de Vigo, comprometida coa súa vocación internacional e o seu papel como referente académico e cultural no espazo SUG, considera esencial expandir este modelo a outras linguas estratéxicas como o portugués, o francés e o italiano, por mor da súa relevancia no contexto global. A promoción da modalidade Português amigável alíñase cun dos obxectivos estratéxicos da universidade: fortalecer a nosa presenza no espazo lusófono, especialmente con Brasil. O galego, como lingua irmá, actúa como unha ponte natural co portugués, mais resulta crucial establecer unha modalidade específica en portugués para captar e fidelizar estudantes, investigadores/as e colaboradores/as lusófonos. Brasil, coa súa crecente influencia global e desenvolvemento en sectores como a tecnoloxía, a ciencia e a cultura, é un mercado esencial para a captación de talento. A implementación de guías docentes e programas en portugués permítelle á Universidade de Vigo integrarse plenamente na rede académica lusófona, facilitando intercambios e colaboracións que enriquecerán tanto ao noso estudantado coma ao persoal docente e investigador.

De igual xeito, o francés é unha lingua internacional con ampla presenza en Europa, o Magreb e gran parte de África subsahariana. Incorporar a modalidade Français amical permitiralle á Universidade de Vigo atraer un estudantado francófono diverso, enriquecendo a nosa comunidade universitaria con novas perspectivas e experiencias globais. A integración do francés nas guías docentes e nas actividades académicas facilita a captación de estudantes de países francófonos, alén de establecer lazos máis estreitos con institucións educativas e de investigación de rexións estratéxicas. Ademais, permite ampliar as oportunidades de colaboración con socios académicos no Magreb e África subsahariana, fortalecendo as redes internacionais da nosa universidade.

Italia, como un dos principais motores industriais e culturais de Europa, destaca en sectores como o deseño, a moda, a arte, a arquitectura, a enxeñería, as ciencias sociais e a gastronomía. A implementación da modalidade Italiano amichevole permite captar estudantes e persoal investigador interesados en disciplinas nas que Italia ten un liderado global, alén de fortalecer as nosas pontes con estudantes Erasmus, ao ser Italia un dos principais países de orixe destes intercambios. A adopción de programas e de guías docentes en italiano abre novas oportunidades no eido do patrimonio cultural, as artes e as ciencias humanas, e reforza o papel da Universidade de Vigo como unha opción preferente para o estudantado internacional procedente deste país.

Este paso fortalece a estratexia de internacionalización da universidade, reforzando o noso compromiso coa diversidade lingüística e cultural e facendo da Universidade de Vigo un espazo máis inclusivo e atractivo para estudantes e persoas colaboradoreas de todo o mundo. A expansión da modalidade Friendly contribúe, ademais, na preparación do noso estudantado para un mundo globalizado, ofrecendo competencias lingüísticas e culturais esenciais para afrontar os retos dun mercado laboral global e competitivo.

3.3. Plan de aprendizaxe e certificación do nivel de idiomas

A Universidade de Vigo conta cunha Facultade de Filoloxía e Tradución onde se imparten os graos de Filoloxía Aplicada Galega e Española, Linguas Estranxeiras e Tradución e Interpretación. No caso destes graos, a acreditación do nivel de idiomas segundo o Marco europeo de referencia para as linguas será realizada pola propia facultade. O nivel de lingua acadado quedará reflectido no expediente do estudantado e, de ser posible, no suplemento europeo ao título.

Alén diso, no que respecta ao colectivo do estudantado, a Universidade de Vigo botou a andar no curso 2023/2024 un plan piloto para a aprendizaxe de inglés co fin de acadar un nivel concreto nesta lingua e poder certificalo. O Plan integral de preparación e acreditación do inglés (PIPA) ten como obxectivo potenciar a formación e a acreditación en lingua inglesa do seu estudantado. Durante a primeira fase, denominada proba de diagnose, envíaselle unha proba masiva ao estudantado de novo ingreso, que consiste nun exame inicial destinado a avaliar o nivel de inglés. O obxectivo principal desta proba é identificar as competencias lingüísticas de cada participante para establecer unha base sólida de preparación e mellora. Os resultados desta diagnose permiten seleccionar as/os estudantes que accederán á formación específica e ás probas de certificación. Este proceso asegura que as persoas participantes teñan o apoio necesario para desenvolver e certificar as súas habilidades en lingua inglesa. Nunha segunda fase, entre os/as estudantes avaliados, unha comisión selecciona algún deles/as, que participará nun curso preparatorio impartido polo Centro de Linguas da universidade. Este curso ten unha duración de 10 horas, das cales 8 son en modalidade virtual asíncrona a través da plataforma Moovi, e 2 presenciais, distribuídas entre os tres campus da Universidade de Vigo. Os estudantes que asistan ao 85 % do curso poden presentarse gratuitamente ao exame CertAcles de nivel B1 ou B2. As acreditacións CertAcles son recoñecidas en todo o espazo europeo de educación superior, garantindo a súa validez en calquera universidade europea e fortalecendo as competencias internacionais do estudantado da Universidade de Vigo. A acreditación en lingua inglesa é fundamental porque é necesaria para traballos, oposicións, concursos, entre outros ámbitos. No marco do Plan PIPA, a Universidade de Vigo facilita que, cada ano académico, parte do estudantado de novo ingreso poida realizar un curso preparatorio e acceder de balde ás probas de certificación CertAcles.

O persoal técnico, de xestión e administración e servizos (PTXAS) conta con ferramentas formativas proporcionadas pola Universidade de Vigo para acadar ese nivel de esixencia internacional. A través do Centro de Linguas (CdL), canalízanse as necesidades en formación de linguas que o PTXAS precisa e seguirase ofrecendo, tal e como vén



acontecendo, mobilidades ao abeiro do programa Erasmus+, entre outros.

O **Higher Education Lecturing Accreditation (HELA)** é unha proba dirixida ao persoal docente e investigador (PDI) da Universidade de Vigo, que avalía se posúe as competencias lingüísticas necesarias para impartir docencia en inglés de maneira efectiva. Esta avaliación abrangue aspectos como o dominio da lingua, a fluidez, as habilidades comunicativas, a presentación oral e a capacidade de interacción co estudantado. A proba consta dunha parte escrita e outra oral, seguindo unha rúbrica elaborada por persoal experto da universidade e do Centro de Linguas. Ademais de acreditar a competencia lingüística, o HELA proporciónalle un informe detallado á persoa candidata,

destacando puntos fortes e áreas de mellora, co obxectivo de fomentar o desenvolvemento continuo das habilidades docentes en inglés.

3.4. A internacionalización na casa

A internacionalización na casa refírese ás estratexias e iniciativas desenvolvidas dentro da propia universidade para promover a competencia lingüística e cultural do estudantado sen necesidade de mobilidade internacional. Isto inclúe actividades como a oferta de cursos de linguas estranxeiras, a incorporación de perspectivas internacionais nos plans de estudo, o uso de linguas estranxeiras como lingua vehicular nalgunhas materias, e a promoción do intercambio cultural entre estudantes de diferentes orixes a través de proxectos colaborativos e eventos interculturais. Como parte da nosa estratexia para fortalecer a internacionalización e promover a participación activa do profesorado estranxeiro e da casa nas actividades docentes da Universidade de Vigo, impleméntanse dúas iniciativas chave: a metodoloxía COIL (Collaborative Online International Learning) e as clases espello. Estas accións non só enriquecen a experiencia educativa do noso estudantado, senón que tamén facilitan o intercambio de coñecementos e de boas prácticas con institucións académicas parceiras de todo o mundo.

A metodoloxía COIL é unha innovadora estratexia educativa que facilita a colaboración internacional entre estudantado e profesorado de diferentes universidades sen necesidade de desprazamentos físicos. A través de COIL, deséñanse e impártense cursos nos que grupos de estudantes de diversas universidades traballan xuntos, de maneira virtual, en proxectos comúns ou actividades de aprendizaxe, guiados polos seus respectivos profesorados. Esta metodoloxía fomenta a adquisición de competencias interculturais e mellora a capacidade do estudantado para traballar en equipos multiculturais. Ademais, permítelle ao profesorado estranxeiro involucrarse directamente no ensino de materias da Universidade de Vigo, achegando a súa experiencia e perspectivas globais ao currículo. Ao integrarmos COIL nas nosas actividades docentes, fomentaremos a colaboración académica no ámbito internacional e prepararemos o noso estudantado para unha contorna profesional cada vez máis globalizada.

As clases espello son outra ferramenta fundamental para a internacionalización do ensino na Universidade de Vigo. Consisten na coordinación e sincronización de clases entre a nosa universidade e unha institución estranxeira parceira, onde ambos os grupos de estudantes, nas súas respectivas localizacións, asisten a sesións impartidas simultaneamente por profesorado de ambas as universidades. Estas clases, que se desenvolven nunha contorna virtual compartida, permiten que o estudantado de diferentes países participen en discusións conxuntas, intercambien ideas e aprendan das perspectivas e metodoloxías de ensino doutros contextos educativos. A través das clases espello, o estudantado e o profesorado da Universidade de Vigo terán a oportunidade de interactuar directamente con colegas doutros países, enriquecendo o proceso de ensino-aprendizaxe cunha visión máis ampla e diversa.

Esta modalidade non só favorece o desenvolvemento de competencias interculturais, ao igual ca as COIL, senón que tamén fortalece os lazos académicos e facilita o intercambio de coñecemento entre institucións de distintos países.

Estas dúas iniciativas permítenlle á nosa comunidade acceder a un abano máis amplo de experiencias educativas e fomentar unha rede de colaboración académica internacional sólida e duradeira.

Tamén hai actividades que envolven o PTXAS e o estudantado, como o tándem lingüístico, o One2One de inglés, francés, portugués e alemán. O tándem é un programa deseñado para promover o intercambio cultural e a práctica de idiomas entre os membros da comunidade universitaria. Este programa conecta estudantes, PDI e PTXAS con falantes nativos ou con alta competencia en diversas linguas, o que facilita a aprendizaxe mutua a través de conversas informais. As/Os participantes poden practicar idiomas como inglés, portugués, árabe, polaco, turco, entre outros, mentres comparten o seu propio idioma e cultura nun ambiente de enriquecemento mutuo. Este programa non só reforza as habilidades comunicativas en diferentes idiomas, senón que tamén enriquece a comprensión cultural e promove a diversidade dentro da contorna universitaria. O programa **One2One** é unha iniciativa que ofrece formación lingüística individualizada en diferentes linguas como o inglés, portugués, alemán e francés para a comunidade universitaria. O seu obxectivo é mellorar as competencias comunicativas a través de sesións individuais de aproximadamente 50 minutos con profesorado do Centro de Linguas. Estas sesións, realizadas en liña, permiten traballar aspectos específicos como presentacións, defensas de traballos académicos, preparación de proxectos ou mellorar a fluidez no idioma.

Neste eixe os obxectivos que se pretenden alcanzar son:

Obxectivo 3.1.
Mellorar a competencia lingüística e intercultural da comunidade universitaria a través de metodoloxías de internacionalización na casa.

Obxectivo 3.2.
Dinamizar a actividade do Centro de Linguas da Universidade de Vigo.

Obxectivo 3.3.
Ampliar os convenios cos institutos oficiais de linguas.

Obxectivo 3.4.
Consolidar o catálogo de materias en inglés e noutras linguas.

Obxectivo 3.5.
Fomentar a participación de profesorado estranxeiro nas actividades docentes da Universidade de Vigo.

TÁBOA DE INDICADORES DO EIXE 3

Obxectivo	Actuacións	Indicadores
3.1. Mellorar a competencia lingüística e intercultural da comunidade universitaria a través de metodoloxías de internacionalización na casa	Mellora do nivel de linguas estranxeiras co fin de acadar certificacións oficiais	Núm. de cursos de capacitación lingüística dirixidos ao PDI
		Núm. de cursos de capacitación lingüística dirixidos ao PTXAS
		Núm. de cursos de capacitación lingüística dirixidos ao estudantado
		Núm. de participantes nos cursos de capacitación lingüística dirixidos ao PDI
		Núm. de participantes nos cursos de capacitación lingüística dirixidos ao PTXAS
		Núm. de participantes nos cursos de capacitación lingüística dirixidos ao estudantado
	Mellora das competencias interculturais	Núm. de actividades de capacitación intercultural
3.2. Dinamizar a actividade do Centro de Linguas (CdL) da Universidade de Vigo	Mellorar a visibilidade do CdL	Núm. de accións de visibilidade presencial e virtual
		Núm. de accións de visibilidade nas RRSS
3.3. Ampliar os convenios cos institutos oficiais de linguas	Ampliar e afianzar os convenios	Núm. de convenios
3.4. Consolidar o catálogo de materias en inglés e noutras linguas	Afianzar e ampliar a presenza das linguas estranxeiras nas diferentes etapas de formación	Núm. de titulacións completas (mínimo 80 % dos créditos) en lingua estranxeira
		Núm. de materias impartidas en lingua estranxeira
		Núm. de materias English-Friendly
		Núm. de materias Português-amigável
		Núm. de materias Français-amical
		Núm. de materias Italiano amichevole
		Núm. de participantes no One2One
		Núm. de participantes no tándem lingüístico
		Núm. participantes no HELA
3.5. Fomentar a participación de profesorado estranxeiro nas actividades docentes da Universidade de Vigo	Establecer colaboracións entre o PDI da Universidade de Vigo e do estranxeiro	Núm. de accións COIL
		Núm. de clases espello

4.
Atracción e retención de talento internacional

A atracción e a retención de talento internacional é crucial para a Universidade de Vigo por varias razóns que contribúen tanto ao desenvolvemento académico coma á competitividade global da institución.

Numerosos países de Europa, incluída España, e moi especialmente Galicia, están a atravesar unha forte crise demográfica, polo que a captación de estudantado internacional é unha das prioridades da Universidade de Vigo. En liña co Plan estratéxico 2021-2026, países castelán falantes e da lusofonía son a prioridade desta captación. Porén, tamén se deberá facer un esforzo en alcanzar as/os estudantes procedentes de África e Asia.

Nestes momentos, e dadas as restricións normativas para o acceso aos graos do sistema universitario español, resulta máis sinxelo centrar a captación de estudantado internacional en niveis de estudos de posgrao (mestrado e doutoramento).

4.1. Iniciativas de captación internacional

Unha das accións postas en marcha para a atracción de estudantado internacional é a participación en eventos de captación internacional organizados polo SEPIE, o Instituto Cervantes etc., como as feiras de Study in Spain. Participar en eventos internacionais de captación de alumnado de grao, mestrado e doutoramento resulta ser unha acción esencial para calquera universidade que aspire a aumentar a súa visibilidade global e atraer o talento. Estas feiras ofrecen unha oportunidade innegable para interactuar directamente con estudantes potenciais, proporcionándolles información detallada sobre os programas académicos, as instalacións, as oportunidades de investigación e a vida no campus. Este contacto directo permítelle á universidade destacar as súas fortalezas e crear unha conexión persoal co futuro estudantado, algo que é difícil de lograr unicamente a través de medios dixitais como as redes, webs ou correos electrónicos.

Para a Universidade de Vigo é especialmente importante enfocarse en feiras en países de fala española e portuguesa. Galicia, como territorio bilingüe, comparte profundos lazos culturais e lingüísticos con estes países, o que facilita a adaptación do estudantado internacional á súa nova contorna. Países como México, Arxentina, Brasil, Colombia e Portugal representan caladoiros estratéxicos cun gran número de

estudantes que buscan oportunidades formativas no estranxeiro. Estudar en Galicia ofrécelle a este estudantado a vantaxe dunha contorna culturalmente familiar, coa posibilidade de aprender outra lingua e experimentar unha nova cultura.

Alén de máis, a participación nestas feiras é preponderante para a internacionalización da Universidade de Vigo. A internacionalización non só mellora o prestixio e a visibilidade da universidade no ámbito global, senón que tamén enriquece a contorna académica e cultural dos tres campus, co que crea unha comunidade de aprendizaxe máis diversa e dinámica. Este proceso é especialmente relevante no contexto galego, onde se prevé unha caída demográfica significativa no futuro próximo. Atraer estudantes internacionais convértese así nunha estratexia vital para compensar a diminución da poboación estudantil local ou próxima, asegurando a sustentabilidade e o crecemento da universidade a medio e longo prazo. A participación en feiras internacionais de captación de alumnado é un investimento estratéxico fundamental para a Universidade de Vigo.

4.2. O español e o galego como ferramenta de atracción de estudantado internacional

A Facultade de Filoloxía e Tradución está en disposición de ofrecer cursos de lingua e cultura dos idiomas propios do país a través da oferta de materias específicas de departamentos para alumnado ISEP, Erasmus e visitante, que a Universidade de Vigo impulsará, das materias propias dos graos da facultade e doutras accións de formación. Complementariamente, o Centro de Linguas poderá promover cursos que completen a oferta da Facultade de Filoloxía e Tradución, mesmo en colaboración.

Dende o Centro de Linguas (CdL) estanse a impartir cursos de lingua, cultura e adaptación á universidade. Ofrecer cursos de español para estranxeiros nunha universidade é unha iniciativa estratéxica que achega múltiples beneficios tanto ao estudantado coma á institución. O español é unha das linguas máis faladas do mundo por número de falantes nativos, e o seu coñecemento abre portas en numerosos países de Iberoamérica, España e en comunidades hispanofalantes de Estados Unidos. Para o estudantado internacional, aprender español mellora significativamente as súas oportunidades académicas e profesionais. Dominar este idioma permite acceder a unha vasta cantidade de literatura, investigacións e recursos educativos que están dispoñibles só en español. Ademais, o español é unha lingua chave en sectores como o comercio internacional, a diplomacia, o turismo, a tecnoloxía e a saúde, que ofrece unha vantaxe competitiva no mercado laboral global. Doutra banda, a Universidade de Vigo beneficiase ao atraer a estudantado estranxeiro interesado en aprender español, o cal incrementa a diversidade cultural e enriquece o ambiente académico. Estes cursos poden actuar como unha porta de entrada para que o estudantado internacional opte por realizar estudos completos na universidade, aumentando a matrícula e a visibilidade internacional da institución. Ademais, ofrecer cursos de español para persoas estranxeiras fomenta a mobilidade estudantil e os intercambios académicos, o que fortalece as redes de colaboración con universidades de todo o mundo.

A Universidade de Vigo, situada nunha zona con nacionalidade histórica cunha identidade cultural e lingüística singular, ofrece unha ponte natural para o estudantado lusófono, especialmente de Brasil, Portugal e dos Países Africanos de Lingua Oficial Portuguesa (PALOP). O galego, lingua irmá do portugués,

facilita a inmersión académica e cultural, converténdose nunha valiosa ferramenta de conexión e integración. Esta proximidade lingüística non só favorece a comprensión e adaptación á contorna universitaria, senón que tamén promove a creación de redes académicas e profesionais dentro da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP). A Universidade de Vigo aposta por un espazo académico aberto e diverso, onde a afinidade lingüística e cultural serve de motor para atraer e acoller o estudantado internacional lusófono, potenciando así o intercambio de coñecemento e o enriquecemento mutuo.

Alén de máis, Galicia, cunha longa tradición migrante, representa un destino atractivo para as xeracións descendentes da diáspora galega, especialmente en América Latina e Europa. O interese polo galego e polo español, xunto coas oportunidades académicas e profesionais que ofrece a UVigo, reforza esta conexión histórica, facilitando o regreso simbólico e real de moitos descendentes de galegos e galegas que buscan redescubrir as súas raíces. As axudas e programas promovidos polo goberno galego contribúen a facer máis accesible este retorno, ofrecendo apoio económico e facilitando a integración académica e social no país.

4.3. Creación dun centro de benvida (Welcome Center)

A creación dun centro de benvida (Welcome Center) na Universidade de Vigo é unha iniciativa esencial para mellorar a experiencia do estudantado internacional, persoal docente e visitantes que se achegan á institución. Este centro serviría como punto de referencia e de apoio integral, facilitando a adaptación e a integración da comunidade universitaria internacional. Entre as súas funcións destacan as seguintes:

a) Asistencia en trámites administrativos: axudar na xestión de visados, permisos de residencia, inscrición académica e outros trámites burocráticos.

b) Orientación e acompañamento: proporcionar información detallada sobre a universidade, a cidade de Vigo e a cultura local. Ofrecer programas de orientación e obradoiros de integración.

c) Servizos de aloxamento: acompañar na procura de aloxamento axeitado, sexa en residencias universitarias ou no sector privado.

d) Apoio lingüístico: organizar cursos de español e galego, así como obradoiros para mellorar as habilidades lingüísticas dos recentemente chegados.

e) Actividades culturais e sociais: promover eventos e actividades que faciliten a integración social e cultural, fomentando o intercambio entre estudantes locais e internacionais.

f) Asesoramento académico e profesional: ofrecer asesoramento personalizado sobre a oferta académica, oportunidades de investigación, bolsas e prácticas profesionais.

A creación dun centro de benvida mellorará a experiencia internacional ao facilitar a adaptación do estudantado e do persoal estranxeiro, facendo a súa estancia máis agradable e produtiva. Alén de máis, converterá a universidade nun destino preferente para estudantado e persoal docente e investigador de todo o mundo, aumentando o seu prestixio e visibilidade internacional. O centro enriquecerá a contorna académica e social mediante a promoción dunha maior diversidade cultural, fomentando un intercambio de ideas e perspectivas que beneficiará a toda a comunidade universitaria. Tamén apoiará a mobilidade internacional incrementando as oportunidades de colaboración e establecendo unha rede máis ampla de contactos e alianzas globais. Estas iniciativas contribuirán, de seguro, á estratexia de internacionalización da universidade e situaraa como unha institución globalmente conectada e comprometida coa excelencia educativa.

Neste eixe os obxectivos que se pretenden alcanzar son:

Obxectivo 4.1.
Avanzar na promoción internacional da Universidade de Vigo para facilitar a atracción de estudantado, PDI e PTXAS.

Obxectivo 4.2.
Facilitar a retención do talento internacional.

TÁBOA DE INDICADORES DO EIXE 4

Obxectivo	Actuacións	Indicadores
4.1. Avanzar na promoción internacional da Universidade de Vigo para facilitar a atracción de estudantado, PDI e PTXAS	Participación en eventos de captación internacional organizadas por diferentes institucións	Núm. de eventos de captación internacional (presenciais ou virtuais) nos que participa a Universidade de Vigo
	Emprego do español como lingua de atracción a través do Centro de Linguas (CdL)	Núm. de actividades de divulgación organizadas conxuntamente co CdL
		Núm. de estudantes de cursos de español matriculados en titulacións da Universidade de Vigo
4.2. Facilitar a retención do talento internacional	Incremento do estudantado internacional	Núm. de estudantes internacionais en grao
		Núm. de estudantes internacionais en mestrado
		Núm. de estudantes internacionais en doutoramento
	Posta en marcha do centro de benvida	Núm. de consultas ao centro de benvida